

Analiza esta viñeta, de xeito que inclúas na explicación o significado técnico dos conceptos “**prexuízo**”, “**lingua dominante**” e “**lingua minorizada**”. (Extensión aprox. 250 palabras)



Esta viñeta presenta un prexuízo relacionado coa lingua galega: usar o galego cando che falan en castelán é un sinal de descortesía. Os **prexuízos** lingüísticos son opinión preconcebidas sobre unha lingua e os seus falantes que se difunden no proceso de socialización. Desde os Séculos Escuros ata os nosos días son varios os prexuízos que se crearon arredor da lingua; algúns dos “vellos prexuízos” son aqueles que relacionan a lingua galega coa pobreza ou a falta de formación académica dos galegofalantes, por exemplo. Tamén é un prexuízo vello o que aparece reflectido na viñeta.

Os prexuízos xorden en contextos de conflito lingüístico, como o que se desenvolve desde hai séculos entre a lingua galega e a lingua castelá, desencadeado por un reparto desigual das funcións sociais de cada unha das linguas. Ata finais do século XX, a situación lingüística en Galicia era estritamente diglósica: o castelán asentouse como **lingua dominante**, é dicir, aquela que se emprega en todos os ámbitos comunicativos, incluídos os de prestixio social, como os medios de comunicación, o ensino ou o mundo da administración, mentres que o galego só era empregado no eido familiar e coloquial, ou sexa, **era unha lingua minorizada**. Esta situación repercutiu no status da lingua propia de Galicia e deu lugar a numerosos prexuízos. Nas novas xeracións moitos destes prexuízos vanse eliminando, pero xorden outros novos, como que a lingua galega non é apta para a ciencia ou que a variedade estándar é unha variedade inventada, pouco auténtica.

En conclusión, todos os prexuízos, vellos e novos, afectan ás actitudes dos falantes e reforzan o autoconcepto negativo que os falantes teñen de si mesmos e do idioma, incidindo na perda da transmisión interxeracional e na consecuente substitución lingüística da lingua minorizada (o galego) pola dominante (o castelán).

(290 palabras)